

Relativismo ético.

O relativismo ético parte do que xa sinalamos, a saber: que diferentes comunidades enxuizan de distinto modo o mesmo tipo de actos, ou postulan diversas normas morais ante situacións semellantes. A causa destas diferencias hai que buscala na diversidade de intereses e necesidades das comunidades correspondentes. O relativismo ético proclama, pois, que xuízos morais, relativos a diferentes grupos sociais ou comunidades, e que, por iso, son diferentes entre sí e incluso contradictorios, xustifícanse polo contexto social respectivo.

Pero este relativismo non se limita a xustificar un xuízo moral pola súa relación coa comunidade en que se formula, senón que considera que un xuízo distinto, ou incluso oposto, será igualmente correcto, xa que responde tamén a necesidades e intereses. Cada xuízo moral quedaría xustificado por esa referencia, e, polo tanto, todos serían igualmente válidos. Tal é o meollo do relativismo no terreo moral.

(Adolfo Sánchez Vázquez, Ética. México, 1969)